

SOLICITUDE DE ADHESIÓN

ao “Grupo SELGA Xestión Forestal Sostible”

D/Dª:	NIF:	Telf.:
Enderezo:	Localidade:	C.P.:
e-mail:	<input type="checkbox"/> En calidade de representante da entidade:	
Denominación social:	Sede social:	
Localidade:	CIF:	Cargo:

SOLICITO a miña **incorporación** como **membro do Grupo SELGA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE**. Para iso, **ACEPTO OS COMPROMISOS** que se detallan a continuación para todas aquelas superficies que inclúa en algún dos certificados dos que sexa titular o Grupo SELGA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE:

- No caso de desviacións ou fallos constatados polo adscrito ou que lle sexan notificados, comprometerse a tomar tódalas medidas correctoras necesarias, aceptando os procedementos de control establecidos;
- Comunicar á Entidade de Grupo¹ as modificacións realizadas sobre o plan de xestión e os modelos silvícolas elixidos e, en especial, as relacionadas cos aproveitamentos e tratamentos que se realicen nas superficies forestais obxecto de certificación.
- Coñecer e aceptar os dereitos e deberes da Entidade de Grupo e dos membros do Grupo;
- Manter tódolos rexistros e documentación relacionada coa xestión forestal nas superficies incluídas nunha determinada *Unidade de Certificación de Grupo*;
- Manter unha formación continuada nos criterios e principios de xestión forestal sostible.
- Aboar os gastos e cotas correspondentes ao proceso de admisión de adscritos e ao proceso de certificación de parcelas, xa sexan específicos da mesma ou a parte proporcional dos xerais debido á administración e custodia do Certificado correspondente.
- Colaborar, se así se decide, nas auditorías de certificación e controles internos que se fagan sobre o terreo (e en toda demanda xustificada por parte da Entidade de Grupo ou da Entidade de Certificación²). Aceptar, así mesmo, que a Entidade de Grupo dispoña da información de carácter administrativo relacionada coa xestión forestal sostible dos montes indicados, así como da información de seguimento dos aproveitamentos, tratamentos e melloras realizadas;

No caso de ser admitida esta solicitude, o solicitante pasaría a ter a condición de membro do grupo, polo que tería os seguintes **DEREITOS**:

- A Recibir información por parte da Entidade de Grupo² sobre o proceso de certificación;
- A Presentar as reclamacións relacionadas co funcionamento do sistema;
- Obter un documento acreditativo individual da inclusión nos certificados que correspondan das superficies aportadas ao proceso de certificación;
- Obter unha validación da Entidade de Grupo para os produtos resultantes dos aproveitamentos forestais procedentes das superficies obxecto de certificación.

En, a de de 201...

Sinatura do propietario/a ou xestor/a

¹ **Entidade de Grupo:** Entidade legal que xestiona o Grupo SELGA-XFS e que é titular dun ou varios certificados de xestión forestal sostible. A súa función é xestionar o funcionamento do grupo de certificación sendo responsable, ante a Entidade de Certificación, de asegurar que os requisitos cúmprense en tódalas superficies forestais que participan nun determinado certificado.

² **Entidade de Certificación:** Entidade acreditada para realizar avaliacións de xestión forestal sostible (empresa auditora).